

DECRETO

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ATENCIÓN Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POLOS CIDADÁNS CON OCASIÓN DA INFORMACIÓN PÚBLICA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.047-SERMen17)

Examinado o expediente relativo á contratación referenciada no asunto de cabeceira.
Vista a Providencia de alcaldía do 12.9.2017.

Visto o informe proposta do servizo de contratación debidamente conformado pola alcaldía de data 12.9.2017.

Vista a fiscalización favorable da intervención xeral municipal de 12.9.2017.

Resultando que, o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón que.-“los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente. En los supuestos de delegación de competencias en órganos no jerárquicamente dependientes, el conocimiento de un asunto podrá ser avocado únicamente por el órgano delegante”.

Resultando que, un dos principios de actuación do Concello é a eficacia administrativa, neste caso faise necesario axilizar os trámites de adjudicación da presente contratación.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico RESOLVE.-

1º.- Avocar a competencia con carácter singular para a adopción do presente acto.

2º.- APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 151.227.06 do orzamento xeral para o ano 2017.

3º.-ADJUDICAR, por “contrato menor”, á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO , S.A. con CIF. A15030422 e/r D. Ánxel Viñas Carregal o contrato do servizo de ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ATENCIÓN Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POLOS CIDADÁNS CON OCASIÓN DA INFORMACIÓN PÚBLICA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS. (EXP.047-SERMen17), no importe de 2.860,00.-€ aos que habería que engadir 600,60.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 3.460,60.-€, segundo proposta que achega con data 7.9.2017 (NRE. 12763/2017 de 11.9.2017).

4º.- Unha vez prestado o servizo, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

